

CALENDARIO VEXETAL

Houbo un tempo de árbores lanzais cubrindo os noso xogos, un fume de fogueiras, un decorrer de horas vagarentas, marcadas por autobuses que arribaban, trémulos.

Ás veces che pregunto como foi. E dun ceo moi alto despréndense bugallos e unhas follas esguías, e un aroma que aínda non quere abandonarnos cando xa con dolor as árbores nos miran.

E lembro o tren cativo cruzando a estrada cara a Vilaodríz e a alguén que ía dentro xogando a ser viaxeiro, a contraluz dun alegre asubío. Lembro ese tren e lembro o teu acento, frangullas do teu pan, o teu calzado, o teu pelo revoltado, e pouco máis.

Ti, de certo, lémbreste máis de min. Pero, a pesar de todo, procura non dicir en que lugar nos vimos as maos iluminadas, en que voces nos enredamos aquela tarde, e como case fomos eternos, se non chega a expulsarnos do **Xardín** aquel home dicindo que todo acabaría nun momento, que ían construírnos a Morte do Vero sobre as inmensas árbores taladas.

X. Rodríguez Baixeras: Beira Norte

XANEIRO


L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Os potes están ó lume: fermosos potes onde outrora se cocía a comida nas nosas pallozas.

Comemos o derradeiro pan, bebemos a derradeira cervexa, doce ó padal. Cantamos e danzamos coa derradeira alegría. A montaña treme baixo dos nosos pés e o ceo treme co noso aturular. Vai frío, pero espímonos todos: a montaña é nosa por derradeira vez e para sempre.

Fervén xordamente os potes que outrora cocían a mantenza. Agora cocen as bagas e as follas máis tenras do **teixo**. O caldo vaise facendo espeso, visgoso, escuro. Estase acabando o día e o sol déitase para nós. Mañá, os inimigos poderán subir á montaña.

Darío Xohán Cabana: *Cerco de ferro.*





TEIXO

FEBREIRO

L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

No escuro nai, mater amabilis, amantíssima mae,
no escuro o teu amor de pedra firme
faro que brúa desesperadamente por salvarme,
vagalume na tebra
na semente da saudade total que se abre na garganta e a
columna do espanto.
A **árbore do amor**, a árbore vermella do amor rompe a
súa áncora de ouro
e todo leva á desembocadura do teu corpo onde a fenda
de luz ondea nos cómaros do día.
O escuro resplandor, a alba brancura, nai: O iris abre a
súa tornicela
E o ollo espreira a luz da túa man, entorno preferido, a
túa man sen límite ou nave arborizada de ternura
e o barro frenético cantando nas torres da alborada.
Alta torre no ar.

Avilés de Taramancos: As torres no ar



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO



ÁRBORE DO AMOR

MARZO

L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Escano pra me sentar,
palloza pra durmir,
un candil pra me alumar,
e non hai máis que pedir.
Quero o que moito convén
pra salvación, e éme igual
que as colleitas pinten mal,
ou que os froitos rendan ben.
Toco esta fruta, de **buxo**,
e a paz dos ermos alabo,
porque cando a folga acabo,
naide ceiba un aturuxo.

Noriega Varela: *Montañesas*



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO



BUXO

ABRIL

L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

UNHA PALMEIRA DE RIBADEO

Palmeira esfarrapada e sempre viva
de afeita a nós, de estar nese xemido
onde afoga confuso e esvaído
toque da hora que algún vento esquiva,
e no que logo es, inverno arriba,
máis unha noite como o sul dorido,
por fin afeito e sempre repetido,
e tan ferido como máis cativa.

Non te vimos crecer. E nin sabemos
quen te puxo, meniña, á nosa porta,
atordoada, trémula de inzar
sombas, tristezas nas que xa non cremos,
cando só chegas tu daquela morta
rúa, abalando, lonxe do teu mar.

Baixas, X.: *Fentos no mar*



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO




PALMEIRA

MAIO

L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
²⁴ ₃₁	25	26	27	28	29	30

As primeiras peras faguían unha pirámide de ouro maduro e nos tarros de doce requintábanse os vellos almbres co agarimo do quente outono. Doña Xohana, soilo bebeu un grolíño de certo viño branco, morto e sedán, gardado pra ela nun pipotiño de **moreira**, e de seguida que considerou un pouco satisfeita a miña fame de mozo que madrugara coas estrelas, faloume de tantas cousas maravilosas que soilo entón comprendín a beleza sinxela do vivir das nosas aldeas e tiven medo de perder aquil sentimento.

Otero Pedrayo:
Contos do camiño e da rúa





MOREIRA

XUÑO

L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Un día deixou Pedro as augas do Golfo pra tentar sorte nun traballo que lle ofreceron na Ciénaga de Zapata. Alí estivo uns vinte meses. O mecánico pescador rexía agora o corte de **cedro**, caoba, sabicú e outras madeiras. De cañiño, adicábase ó trafego sindical entre os homes do monte, como fixera anos atrás en Morón. Pero comprendeu que xa nada lle acaía tan ben coma navegar, e voltou á pesca.

Neira Vilas:
Galegos no golfo de México



XULLO

L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Mais de onde queira que sexas,
tristísima pasionaria,
por ti sinto un amor puro
e pouco a pouco me mata.
Por ti, de noite e de día,
cal vaga sombra encantada,
preto do teu vivir ximo,
cos ventos que pasan.

Mais dime: ¿por que estás muda,
di por que estás solitaria,
por que vives no monte
cos paxaros que cantan?

Mentres ti choras e choras
ao pé dun **olmo** sentada,
de loito cuberta,
cuberta de bágoas.

Rosalía de Castro: *Cantares Gallegos*



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO



OLMO

AGOSTO

L	M	Me	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23 30	24 31	25	26	27	28	29

UNHA CAMELIA AGORA sobre a liña indecisa
entre a vida e a morte

Unha camelia agora
despois outra camelia
coma os pasos dun fillo

Un naufraxio maior devólvenos o pranto
desde o inicio das aves

A camelia virada
para despois da vida

Unha lágrima agora
despois outras ausencias
no país da invernia que coñece a fame

Unha conversa chega coma un salmo

A camelia fechada
para despois da morte

Camiñamos por riba da indecisión das formas
que non che neguen nunca a indecisión da flor

Luz Pozo: *Vida secreta de Rosalía*



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO



CAMELIA

SETEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

...nas súas profundidades, o diamante, as esmeraldas, as pedras preciosas, a substancia mirrina; entre as plantas, a escarlata e o laserpicio; entre as follas, o nardo e a soia; entre as árbores, a **tuia**; entre as sebes o cinamomo, a canela e o amomio, entre as savias, o ámbar, o bálsamo, a mirra e o incenso; entre as raíces, o costus. Das criaturas vivas, na terra, o marfil dos elefantes

Queipo, X.: *Mundiños*



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO



TUIA

OUTUBRO

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

O CARBALLO

Cando soio, ó serán, vou paseniño cara ó fogar, de volta do traballo, sempre detén meus ollos un **carballo** ergueito nun mallón, sobre o camiño.

Lanzal o tronco, as ponlas alongadas, o follaxe en dosel, forte, senlleiro, ten a medosa traza dun guerreiro vixiante de castros e valgadas.

Ó chegar ó pé del na atardecida, da lexendaria idade saudoso, quixéao ver cadeira frorecida dun rei celta, barbudo e fazañoso, ou soleada, verdecente ermida dun santiño aldeán e milagroso.

Cabanillas: *Da terra asoballada*



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO



CARBALLO

NOVEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Buscaremos a nena que navegaba o río
na tapa dun baúl coma nun soño.

Aniñaremos
entre a herba abelleira e o fiúncho
e beberemos o clamor da salvia.
Lembraremos os aforcados tristes
baixo a **catalpa** en flor cara ó silencio.

Marica Campo: *Tras as portas do rostro*



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO



CATALPA

DECEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Díxenlle á rula: Pase miña señora!
E foise polo medio e medio do outono
por entre as **bidueiras**, sobre o río.
O meu anxo da garda, coas azas sob o brazo
dereito,
na man esquerda a calabaciña da auga,
ollando a rula irse, comentou:
- Calquera día sin decatarte do que fas
dices: Pase miña señora!
e é a alma tua a quen despides como un ave
nunha mañán de primavera
ou nun serán de outono.

Álvaro Cunqueiro: *Herba aquí e acolá*



AUTORAS/ES:

Nekane Fernández

Paula Freire

María Cela

Irene Logares

Chaimaa Selouane

Borja Fernández

Suso F. Acevedo



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO